

## **TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL A FAVOR DE EMPRESAS OU ENTIDADES QUE UTILICEN O DOMINIO PÚBLICO PARA PRESTAR OS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN QUE NON AFECTEN Á XENERALIDADE DOS VECIÑOS**

*Aprobación: 19/09/02 - B.O.P.: 10/12/02*

### **Artigo 1. Fundamento e natureza.**

Ao amparo do previsto nos artigos 58 e 20.3 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, de conformidade co que dispoñen os seus artigos 15 a 19, este Concello establece a taxa por aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas ou entidades que utilicen o dominio público para prestar servizos de subministración que non afecten á xeneralidade dos veciños, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

### **Artigo 2. Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da taxa o beneficio dos aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades que utilicen o dominio público para prestar os servizos de subministración que non afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

2. O aproveitamento especial do dominio público procede sempre que para a prestación do servizo de subministración se teña que utilizar unha rede que materialmente ocupe o subsolo, solo ou voo das vías públicas municipais.

### **Artigo 3. Suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades que utilicen o dominio público local para prestar os servizos de subministración de gas, electricidade, telefonía e outros análogos, así como as empresas que exploten a rede de comunicación interna mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica a favor das cales se autoricen as licenzas de aproveitamento especial ou as que se beneficien deste aproveitamento no caso de ter procedido sen a autorización correspondente.

2. Pasan a ter a condición de suxeitos pasivos da taxa regulada na presente Ordenanza, cando se dean os seguintes supostos:

- a) A empresa preste os servizos referidos no punto 1 directamente aos consumidores finais.
- b) As subministracións non afectan á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

3. Non están suxeitos á presente taxa as empresas que prestan os servizos referidos no punto 1 á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, as cales terán que satisfacer a taxa regulada noutra ordenanza.

Taxa por aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas ou entidades que utilicen o dominio público para prestar os servizos de subministración que non afecten á xeneralidade dos veciños

4. As empresas propietarias das redes necesarias para os servizos de subministración referidos no punto 1 que non os presten directamente serán suxeitos da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo da vía pública, regulada noutra ordenanza.

#### **Artigo 4. Responsables.**

1. Son responsables tributarias as persoas físicas e xurídicas determinadas nos artigos 37 e 39 da Ordenanza Xeral.

2. A derivación de responsabilidade requirirá que, previa audiencia do interesado, se dite acto administrativo nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 5. Base imponible.**

1. Cando o suxeito pasivo sexa dono da rede que ocupa o solo, subsolo e voo das vías públicas mediante a cal se produce o beneficio do aproveitamento especial do dominio público local, a base imponible está constituída pola cifra de ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as empresas ou entidades enumeradas no artigo 3 puntos 1 e 2 desta Ordenanza.

2. Cando polo beneficio do aproveitamento especial ao que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo teña que utilizar unha rede que pertenza a un terceiro, a base imponible da taxa estará constituída pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal minorada naquelas cantidades que haxa de aboar ao propietario da rede, polo uso da mesma.

3. Aos efectos do apartado anterior, teñen a consideración de ingresos brutos os que obteña a empresa no termo municipal pola facturación da subministración que constitúe o obxecto da súa actividade.

4. As taxas reguladas nesta Ordenanza esixibles ás empresas ou entidades enumeradas no artigo 3, puntos 1 e 2 desta Ordenanza, son compatibles co Imposto sobre Construcións, Obras e Instalacións e con outras taxas establecidas ou que se puideran establecer polo Concello pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das cales as citadas empresas deban ser suxeitos pasivos.

#### **Artigo 6. Cota tributaria.**

A contía da taxa determínase aplicando o 1,5 por cento á base imponible definida no artigo 5 desta Ordenanza.

#### **Artigo 7. Obriga de contribución (*devengo da taxa*).**

1. Adquírese a obriga de pagamento da taxa (*devéngase a taxa*) cando se inicia o aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación da subministración.

2. Cando os aproveitamentos especiais das redes que ocupen o solo, subsolo e voo das vías públicas se prolonguen a varios exercicios, o momento no que comezará a obriga de pagamento da taxa (*devengo*) terá lugar o día 1 de xaneiro de cada ano. Neste suposto, o período impositivo comprenderá o ano natural.

#### **Artigo 8. Réxime de declaración e ingreso.**

Taxa por aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas ou entidades que utilicen o dominio público para prestar os servizos de subministración que non afecten á xeneralidade dos veciños

1. Establécese o réxime de *autoliquidación*.

2. Cando se trata da taxa retribuída (*devengada*) por aproveitamentos especiais que se realicen ao longo de varios exercicios, as compañías subministradoras terán que presentar ao Concello antes do 30 de abril de cada ano a *declaración-liquidación* correspondente ao importe dos ingresos brutos facturados no exercicio inmediatamente anterior.

As empresas que utilicen redes alleas deberán acreditar a cantidade satisfeita ao propietario das redes co gallo de xustificar a minoración dos ingresos a que fai referencia o artigo 5.2 da presente Ordenanza.

3. Expedirase un aboarei ao interesado, co obxecto de que poida satisfacer a cota naquel intre, ou no termo de dous días, nos locais de pago indicados no propio aboarei.

4. O Concello comprobará o contido da declaración e practicará a liquidación definitiva, a cal se notificará ao interesado aos efectos pertinentes.

### **Artigo 9. Convenios de colaboración.**

Poderanse establecer convenios cos suxeitos pasivos da taxa ou cos seus representantes por mor de simplificar o cumprimento das obrigas de declaración, liquidación e recadación.

### **Artigo 10. Infraccións e sancións.**

No tocante ás infraccións e sancións tributarias que, en relación á taxa regulada nesta Ordenanza, resultasen procedentes, aplicarase o que dispoñen os artigos 66 a 74 da Ordenanza Xeral.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza fiscal, que consta de 10 artigos e unha disposición final, e rexerá a partir do 1 de xaneiro do ano 2003, manténdose en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.